



## LECTURAS PARA 3º E 4º

“As viaxes de Ruki”.

Ed. Xerais

Pedro e Petra fechábanse no cuarto despois do colexio e púñanse a fedellar co seu equipo de electrónica. Así foi como naceu Ruki, un rato-robot que rematou visitando estrañísimas galaxias e seres como os guquiquis, os ratos cempés ou a Comellona do planeta Toupamil...



“Gerónimo Stilton. El misterio de la perla gigante”. Ed.: Planeta.

Patty Spring ten que facer un documental sobre a célebre Illa dos Corsarios, decide levar a Geronimo con ela... regálalle un curso de mergullador...

“Rubicundo”

Ed. : Xerais

Cada noite Erea esperataba cun chii-chi-chiiii, o renxer característico da bicicleta do seu veciño Rubicundo e saltaba da cama para velo saír. A bicicleta tiña unha roda grande diante, e outra pequena detrás, subíase nela e comezaba a viaxe enriba da árbore do seu xardín, ata perderse de vista.



## LECTURAS PARA 5º E 6º

“Os dereitos da infancia”

Ed. Xerais.

Dez grandes autores e o ilustrador Emilio Urberuaga ofrécenos dez contos que recrean os principios recollidos na Declaración dos dereitos da infancia. Uns dereitos fundamentais que desde hai décadas velan pola súa protección e desenvolvemento.



“Volverás golfinho”. Ed. Xerais.

Ilustrado por Víctor Rivas que visitou neste curso o noso centro.

A familia de Iris múdase á casa do avó na Costa da Morte. Alí enche as tardes de verán visitando ao desacougante areal de Trece e coa luz do faro de Cabo Vilán, que advirte de invisíbeis perigos.



“Todas las hadas del reino”. Ed. Montena.

Un novo conto de fadas protagonizado por un personaxe tradicionalmente secundario, a fada madriña.



## CURSO 2014-2015

## BIBLIOTECA

## RATICONTO



## CEIP COIRÓN-DENA

Enlace ao noso blogue:  
<http://bibliotecacoiron.blogspot.com.es/>



## VERÁN Á VISTAAA!

Ola nenas e nenos!

Chegan as "tan esperadas" vacacións de verán... Co bo tempo aproveitaremos para divertirnos na Praia, facer excursións, andar en bici, ir ao parque... Por suposto, tamén descansaremos, durmiremos un pouco e...leremos!!

Remata un curso no que traballamos un montón, un curso no que entre todos e todas fixemos lindos proxectos plasmados en fermosos murais (lembro especialmente o das fotos que trouxestes relativas ás matemáticas e o de Don Quixote).

Agora toca gozar duns meses de lecer, por iso vos envío estas recomendacións de lecturas para eses momentos de tranquilidade...libros para disfrutar sos ou en compañía, para ler ou para que vos lean. Espero que sexan do voso agrado!!

Deséxovos que pasedes unas moi felices vacacións, que as disfrutedes moito, moito. Pensade un pouquiño en mín...estarei como sempre na Biblioteca esperándovos para a volta.

Ratíbicos con sabor a xeado.



## LECTURAS PARA ED. INFANTIL

### "É hora de durmires, meu amor" Ed.: Linteo

Cando os nenos van para a cama, tamén os animalaiños que viven na selva, no bosque e no mar cantan baixiño aos seus bebés: "É hora de durmires, meu amor, é hora de durmires".

Moitos pais celebrarán esta oportunidade de dicir aos seus fillos cánto de especiais e queridos son.



### "O desexo do gato Klops" Hércules Edicións.

Este álbum ilustrado relata, a través do texto e das magníficas ilustracións, o que lle aconteceu a un simpático gato doméstico: O gato Klops descobre unha estrela e pensa en pedirle un desexo, pero non acaba de se decidir: ¿converterse en dragón? ¿en monstro? ¿en paxaro? E de súpeto, ocrreselle unha idea xenial.

### "Un libro"

Editorial Kókinos.

Ao abrires este libro só se ve un círculo amarelo sobre a páxina en branco. Entón, invítase ao lector/-a a premer ese círculo co dedo e averiguar que pasa. Que neno/-a podería resistirse a semellante desafío?



## LECTURAS PARA 1º E 2º

### "O xardín de Irene" Edicións Embora.

Unha obra inspirada nunha nena da familia de Xosé Neira Vilas que confesa "xogar a través das palabras".



### "Te quiero casi siempre)". Ed. S.L.U. Espasa Libros

Unha historia de amor para todas as idades. Lolo e Rita son moi distintos entre si. Aceptar a diversidade non sempre é sinxelo...

Pero...quen dixo que o ía ser?



### "As dúas casas de Alicia". Ed. Baía Edicións.

Os pais de Alicia sepáranse. A nena procura o seu sitio nesta nova situación. Será preciso dividir o seu amor entre o seu papá e a súa mamá?

